






Nenos e nenas...
Hoxe podemos... Cantar!
E podemos...Bailar!!

INFORMACIÓN XERAL



CONTIDO

Esta banda de música infantil recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina "rapeada" ata O Jato "rockeiro", pasando por outros moitos temas tradicionais, todos eles moi dinámicos, facendo que todos os nen@s presentes sexan partícipes deste "des-concerto", cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra

¡SORPRESA!



PERSOAL

Cinco músicos-animadores (batería, guitarra, baixo, frauta-gaita e acordeón)
unha cantante-animadora e un técnico de son.



Serghaño



Uxía



Abraham



Roscón



Paji



Ñoc


T
E
M
P
O
S

Duración: 1:15h

Montaxe e proba de son: 2:30h aprox.


Tempo da desmontaxe: 1h

MATERIAL




Equipo de son
(caixas, monitores,
amplificadores,
microfonía,...)

*



Instrumentos
musicais (guitarra,
baixo, batería,
acordeón
e frauta-gaita)



fondo
de escenario



vestiario,
caracterización
e material específico
da animación.

*Equipo de son suficiente para un espazo de 20x20m, e a xente que entre neste espazo.
Para espazos maiores será necesario unha PA externa a cargo da parte contratante.

SINOPSE

Uxía Lambona e a Banda Molona é unha banda musical infantil que nace no ano 2014 e está formada por Pali ao baixo, Ñoc á batería, Diego á gaita e frauta, Serghaño á guitarra, Roscón ao acordeón e Uxía cantando e animando! .

Ten o obxectivo de facer cantar e bailar "coma toliñ@s" a todos os nenos e nenas, achegándolles a música tradicional galega dun xeito atractivo para eles, cambiando estilos musicáis, letras..., e temas propios sempre en galego.

A día de hoxe temos tres cd's publicados:

"Uxía Lambona e a Banda Lambona" 2015


"A bailar coma toI@s" 2017

"Astronauta Sideral" 2019

NECESIDADES TÉCNICAS



RIDER TÉCNICO 2023.V2



BANDAS DE TRABAJO DE RF


DIADEMA	LD SYSTEM U505	790.100 - 797.600 MHz
ACORDEON LO	LD SYSTEM U505	584.000 - 608.000 MHz
ACORDEON HI	LD SYSTEM U505	584.000 - 608.000 MHz
IEM 1	LD SYSTEM U506	655.000 - 679.000 MHz
IEM 2	LD SYSTEM U506	655.000 - 679.000 MHz
IEM 3	SENNHEISER EIM G2	BANDA C
IEM 4	SENNHEISER EIM G2	BANDA D

MONTAXE E PROBA DE SON

Precisaranse un mínimo de 2:30 horas dende a chegada da banda ata a hora de actuación para a montaxe e proba do equipo da banda.

É necesario o acceso ata a rampa do escenario da furgoneta de backline do artista.

O escenario deberá estar libre de cableado e obstáculos que impidan a montaxe do chan e o fondo do artista.



ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Todas as acometidas eléctricas deberán estar debidamente protexidas con toma de terra e diferencial segundo a normativa vixente.

Precisamos dúas tomas independentes de 16 A Shucko ou ben unha Cetac coa súa debida toma de terra á chegada da banda.



ILUMINACIÓN

A Banda non dispón de sistema de iluminación. Será necesario prover un no caso de insuficiente iluminación no escenario.

É necesario ter en conta as dimensións do fondo de escenario.

ESCENARIO

As dimensións mínimas do escenario deben ser de 6x6m e a unha altura dende o chan non superior aos 80 cm. Consultar en caso de dúbida neste punto. En calquera caso **nunca escenarios de dobre altura.**

Deberase prever o espazo para a montaxe do **fondo de escenario** da banda. As súas dimensións son de 4,2 m de longo x 1,4 m de fondo e 3,5 m de altura. **Precisarase un telón de fondo** na liña do noso fondo de escenario tapando como mínimo os espazos laterais do mesmo. **Tarima 2x2 a 40cm** para a batería no caso de escenarios que estean a máis de 150cm do chan.

É necesaria rampa ou escaleira de acceso ao escenario apropiada para o acceso de rapaces.

P.A.

Sistema profesional procesado TOP e SUB capaz de cubrir toda a área de aforo alcanzado 105 dBA en posición FOH sen distorsión algunha. **É especialmente importante a cobertura das primeiras filas instalando un sistema de FrontFill se fóra necesario.**

O sistema PA-SUB-FF ten que estar debidamente alineado á chegada do artista.

Os sinais L e R para o sistema serán proporcionados dende a posición do nosos mixer escenario.

FOH

Uxía Lambona e a Banda Molona levan o seu propio sistema de mestura, entregando sinais L e R para o sistema proporcionado dende a posición do nosos mixer UI24R no escenario.

Precisarase dun cable RJ45 para a ethernet dende o nosos mixer no escenario ata o control FOH para montar o control remoto da UI24R.

CAMERINOS

É necesario prover á banda dun espazo a cuberto e pechado onde poidan cambiarse 7 persoas, con sete cadeiras, baño e espello.

Agradécese auga fresca non embotellada, a banda leva os seus propios vasos.

STREAMING

No caso de transmisión en streaming hai que ter en conta que se precisará dunha mestura exclusiva e dedicada, **non vale unha copia da mestura de FOH.** Habería que consultar cos técnicos da banda as posibles opcións para levalo a cabo.

*** Todas estas necesidades deberán estar a disposición do artista dende a súa chegada.**



Ei rapazada...
e vós que queredes?
Bailar coma TOL@S!!!!